

CARROZAS

A cubrir só por participantes na modalidade de Carrozas

D/D^a con NIF,
e enderezo en CP:.....,
localidade:....., provincia e teléfonos fixo móbil:
e con e-mail, en representación
da carroza inscrita no Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas do Entroido 2017 do
Concello de Carballo, co nome

De conformidade co disposto nas bases do Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas do Entroido 2017 e coas especificacións que se recollen a continuación, presento esta DECLARACION RESPONSABLE nos seguintes termos:

- Declaro baixo a miña responsabilidade, cumprir cos requisitos técnicos e en materia de seguridade e salubridade na execución da carroza que se está a presentar a este Concurso.
- Declaro baixo a miña responsabilidade, que o/os vehículo/s que se utilicen na carroza cumpren coa normativa vixente de circulación de vehículos pola vía pública e que dispoñen da documentación obrigatoria de conformidade coa normativa vixente .

Cabeza tractora:

1. Cada carroza contará cun tractor ou medio de locomoción que a remolque durante o percorrido. En caso de camión-carroza, non será necesario outro vehículo para remolcar.
2. Os vehículos deberán cumprir coa normativa vixente de circulación de vehículos pola vía pública.

Remolques-carrozas:

1. As medidas máximas serán dun longo non superior aos 8 metros, dun ancho non superior aos 2,5 metros e dun alto non superior a 4 metros. En ningún caso se poderán sobrepasar as medidas establecidas.
2. Non deberán posuír elementos cortantes e aconséllanse que contén con faldóns que protexan e oculten as rodas.
3. Os elementos con puntos de anclaxe automáticos serán facilmente desmontables e non poderán sobresaír dos laterais.
4. Recoméndase a utilización de materiais non inflamables ou ignífugos.
5. Os equipos de son e de luz terán que ir protexidos e ocultos. Débese evitar utilizar iluminación mediante velas, petróleo, gas ou calquera outro tipo de combustible.
6. Aquelas carrozas que precisen de grupo electrógeno deberano protexer de golpes e inclemencias meteorolóxicas. O seu combustible non se poderá transportar na carroza, deberá ir no vehículo de arrastre, convenientemente situado para garantir a seguridade durante o desfile ou nun depósito homologado.

Xerais:

1. Recoméndase levar un mínimo dun extintor.
2. Evitarase a utilización de artigos pirotécnicos.
3. Cada carroza deberá ir acompañada por un mínimo de 4 adultos.

SOLICITO que se teña por presentada a presente DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Carballo,de de 2017

ASDO:

ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO